REVISTA QUINCENAL DE CRENTES GALEGOS


IRMIÁ

a xustiza e a paz bícanse

ANO XXXII • Nº 870 - Do 28 de xaneiro ao 10 de febreiro de 2013

25 anos

da rebelión contra o Casón



A foto que fala



Manel Fontdevila
en *eldiario.es*

O trasno Que máis pode pasar?

Daniel López Muñoz



Que máis podemos chegar a saber? A que límites puido chegar esta barra libre dos felices 2000? Que parte do Estado, da rede de institucións, que partido está limpo?

Xa abonda! Claro, claro que hai xente boa e profesional e honesta en todos os estamentos: pero queremos atopala xa, sen ningunha dúbida! Necesitamos mostras, xente sólida para recuperar a confianza. Exemplos de dignidade, non só que non fagan, senón que, nin colaboren, nin disimulen a podremia. Porque nos negamos á resignación fatalista, a que as cousas son así porque teñen que ser así.

Como é posible todo ese asunto do ex-tesoureiro do PP? Que é iso de pasarse a pataca quente, e que ninguén saiba nada? Como é que non estamos na rúa, cun novo Nunca Máis!

O controlador dos cartos do partido que agora ten todo o poder sobre as nosas vidas, tiña unha conta, no Dresdner Bank de Xenebra, de 22 millóns de euros. Din os medios que pagaba sobresoldos a altos mandatarios do PP, en sobres, cartos negros que seica munguía mediante a práctica do delito de suborno (cobrar ás empresas comisións prohibidas por concesión de contratos públicos). E Bárcenas foi o "home dos cartos" xa con Rajoy de xefe, durante máis de 5 anos. E parece que se acolleu ao invento este da amnistía fiscal! E se é certo, amnistiaron a un colega delincuente sen se decatar! "Foi sen querer", din os pícaros pillados coa man no biscoito.

Pero o máis mareante da historia é que sae agora á luz, publicado por un xornal "próximo" ao PP, xusto cando ese delito prescribe (aos catro anos).

Ademais, na versión de "El Mundo", os beneficiados son xusto os que xa non están: Acebes, Cascos, Zaplana… o "dream team" de Aznar. E hai quen di que só se trata de calarlle a boca ao propio Bárcenas, que ameazaba con falar. E, como guinda, todo vén reforzar a imaxe de Cospedal: ela convenceu a Rajoy de que había que rematar con iso das propinas de a 10.000€.; ela di, enérxico o ademán, que "se revisarán as contas do partido…."

Pois logo, graciñas, Cospe. En tal caso, só un detalle: o matute nunca está nas contas, querida, senón precisamente no que non está nas contas! Pero veña, ti, dálles, non te achiques, dálles unha boa tunda coa peineta, que aprendan a peinetazos; ou zorrégalles coa mantilla ou co rosario, que vale tamén! Amósalles, ti que o sabes coma poucas, o camiño do enriquecemento legal, o dos tres soldos simultáneos, o dos máis de 240.000€ en 2009, legais e relucentes como as perlas dun colar.

Editorial Quo vadis, Ecclesia?

Outra historia máis que dá que pensar. Outro conflito que non é unha anécdota, senón un sinal dos tempos. A FERE (que agrupa aos relixiosos e relixiosas que rexentan centros educativos) acaba de renunciar a celebrar en Oviedo as súas xornadas pastorais. E faino por instrución do arcebispo, Mons. Sanz Montes, que estaba en contra dos relatores convidados a esas xornadas.

Hai un pano de fondo de tensión entre a FERE e a liña integrista predominante agora na conferencia episcopal española. A cousa pódese rastrexar desde aquel conflito, nada disimulado, orixinado cando a FERE preferiu o diálogo co goberno do PSOE sobre a famosa materia de educación para a cidadanía á confrontación directa, deixando en evidencia a liña Rouco (Kikos, Opus, Comuñón e Liberación, Medinaceli, etc…) con estreitos vencellos cunha parte, tamén a máis integrista, do PP.

A deriva sectaria da Igrexa asusta. Son eles os únicos en non decatarse?

Esas xornadas xuntaron nos últimos cinco anos a máis de 35.000 persoas, son itinerantes e exploran fórmulas e formatos innovadores para o traballo pastoral coa xente nova. Para darnos unha idea da dimensión do problema, entre os censurados neste edición das xornadas estaban, por exemplo sor Lucía Caram, dominica contemplativa, que falaría sobre o tema do magnetismo educativo e a fe (demasiado próxima ao catalanismo, seica); ou Juan Rubio, director da revista moderada de pensamento e realidade eclesial "Vida Nueva" (demasiado crítico coa liña dos bispos, quizais). Tamén pode ser – é máis que probable- que o problema o tivera monseñor Sanz con Serafín Béjar, teólogo da facultade de Granada, que ía falar de "O olor de Deus. Chéirame que cando ti dis Deus….."

O monolitismo integrista da Igrexa católica é alarmante. A súa deriva sectaria asusta. Hai un serio perigo de inhabitabilidade, de deserto absoluto á volta do próximo recanto do camiño. Son eles e o seu coro de acólitos os únicos que non se decatan?

O caso é que traemos aquí esta historia por unha sinxela razón: o próximo lugar de celebración desas xornadas está previsto que sexa Santiago de Compostela, o 1 e 2 de febreiro. Que farán os noso bispos galegos?

Rumores de esperanza

Xan Guillén


Esta mañá ía no coche ao traballo. Dáme tempo a escoitar as noticias dun par de cadeas de radio. Dun tempo a esta parte percibo que se está dedicando máis tempo a falar da corrupción de certos políticos ca da prima de risco.

Nin a corrupción nin a crise son boas noticias e non deberían entrar nesta sección, pero vou facer un esforzo para tratar de dar unha perspectiva boa e ser optimista.

Por que se fala tanto de corrupción? Pois se cadra porque se descobren máis casos. E se se descobren máis casos, non creo que sexa porque hai máis, senón porque andamos máis atentos. E se andamos máis atentos, se cadra é porque temos máis consciencia de que os cartos de todos son meus e quen mete man na caixa prexudícanos a todos.

Da crise imos saír. Non sei cando. Non sei como. Non sei grazas a quen. Pero se cadra saímos máis conscientes de que non podemos ter cargos públicos que rouban do ben común. Tal vez deixamos de pensar que a corrupción é a versión nova da picaresca. De seguro que saímos máis fortes.

Cando leas isto serán as xornadas de pastoral da FERE. Escoitei aí boas conferencias (algunhas non tan boas, coma sempre) que facían pensar en serio na fe que vivimos e en renovar a pastoral. Xa hai algún bispo coa tesoira querendo controlar ou prohibir. Valoremos o esforzo de quen loita para que continúen a ser un espazo de reflexión educativa e pastoral adaptado aos tempos.



1



3



2



4



A peneira

1

O 27, novo ano no TÍBET, onde entre 600 e 700 foxen á India cada ano, a carón do Dalai e do goberno no exilio. Escapan do xenocidio da ocupación. Prefiren cruzar a pé o Himalaia a inmolarse, como fixeron máis de corenta no 2012; tamén uns 80 monxes en dous anos -só 6 nos 2 días do Congreso chinés.

2

20 anos pregando con Pilar Pallarés: "Agora que a morte xa borrou as liñas/do teu rosto/e esvaeceu os límites/ moras inteiro en nós, compañeiro na/tenza,/ home e heroi, amigo, irmán MONCHO VALCARCE". Grazas, porque nos permites cada amencer, descubrir que cando sementamos o noso herdo con xustiza, vivir paga a pena.

3

En xaneiro acae volver a CASTELAO : naceu un 29 e morreu o 7, e imos coñecelo mellor facendo o « Roteiro Castelao na Estrada », onde casou fixo cen anos en outubro. A Asociación Vagalumes estreou o roteiro amatorio, dende o cemiterio de Figueroa onde está soterrada Virxinia e o seu fillo.


4

O bispado de Lugo non avanza no ecumenismo, e non asumiu no novo hospital a igrexa multiconfesional como rezaba na porta. Maica Cancela, delegada do Consello EVANXÉLICO, xa anima outro espazo, e 6 comunidades na cidade con catro pastores. Dan clase en 4 colexios a 90 alumn@s.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

O día da INFANCIA misioneira comeza ao noso carón: o 20% vive na pobreza, e 130 chamadas con sospeita de maltrato. Dende o 2007 medrou a desigualdade un 45%, no Estado, só por detrás de Letonia e Lituania. 1 de cada 5. 19.000 nen@s morren ao día no mundo por causas evitables; un terzo por desnutrición, crónica.

6

As ANÉMONAS xa foron reguladas pola Xunta, pero o marisqueo perde permisos; só en dez anos 2581. O 58% das mariscadoras non chegan ao salario mínimo. Cómpre recoñecer as enfermidades profesionais: o 35% das que afectan ás mariscadoras a pé non se consideran tales.

7

ECUADOR loita por ser plural. Luís Macas, líder da Confederación de Nacións Indíxenas, o 40% da poboación, busca a reunificación internacional desas nacións agora separadas por lindes estatais. Un país co que medran vencellos económicos: o que máis atún nos exporta e alí instaláronse conserveiras: Garavilla, Salica, etc.

8

O granito de PORRIÑO, emprega o 80% de 5000 traballadores do sector, subindo o 20%. Exporta un 32% máis polo peirao de Vigo (a Turquía, Marrocos e EUA). Son os primeiros do Estado en transformación, e segundos de Europa con Italia. Cómpre respectar o medio como urxen os de Montefurado-Quiroga, opoñéndose a abrir a nova pizarreira

Política

Pedro Pedrouzo Devesa



Nesta precipitada costa abaixo pola que nos lanzamos hai uns anos e que semella non ter fin, o número de desgrazas que acumulamos parece insuperable. Cabreo tras cabreo, a diaria lectura do xornal convértese nun insufrible *via crucis* que responde á letanía "que fixemos hoxe?"

Realmente, todo o que descubrimos orixinouse na época na que máis ricos fomos. O poder diabólico do diñeiro non ten límites! Porén, a pobreza convértese en miseria con moita facilidade e esta obsesiónase coa riqueza do corrupto. Incapaces de dar unha saída á enormemente difícil situación na que nos encontramos, os medios de comunicación xa decidiron que os sucesos serán a evasión dos concienciados, aqueles que non se deixan engatusar cos tradicionais e narcóticos programas de entretemento.

Dedicamos miles de horas a facer xuízos paralelos e devorar avidamente novas do novo caradura que se fixo millonario de forma ilegal.

Para nada digo que non se investigue, agora e en calquera momento a aqueles que viven da estafa. Un requisito de calquera sociedade libre é que exista a menor impunidade posible. O problema é que ese sexa o noso centro social. Convertimos a tertulia en deporte nacional. Carentes do entusiasmo necesario para darlle a volta á situación, choramos a marcha dos mellor preparados en vez de facerlles sitio, debullando o noso cerebro e creando iniciativas que os permitan producir para a sociedade que os formou. Pagamos millóns de euros públicos a equipos profesionais que nos aledan (ou deprimen) a fin de semana, e deixamos marchar a aqueles que nos poden sacar da crise.

Que facer? Eterna pregunta que se levan feito os insatisfeitos. (A pregunta dos satisfeitos é *como seguir igual*?) O cabreo debe ter efectos terapéuticos. É evidente que sen o que levan feito os afectados polos desafiuzamentos ou as preferentes, o abuso tería acadado cotas insuperables. Aínda así, creo que os partidos que deberan dar alternativas ata hoxe só están masterizando o noso cabreo e dándolle megafonía. A súa incapacidade para aportarnos solucións é igual de lamentable que a nosa para organizarnos e crear unha sociedade máis xusta que dea traballo a todo aquel que o poida realizar.

Porei unha imaxe tan gráfica como infantil: paseamos pola rúa. A auga baixa veloz rodeando un sumidoiro atascado polas follas que arrastrou. O lóxico é coller unha vara, desatascar as follas e deixar que o sumidoiro cumpra a misión para a que foi creado, que é retirar a auga da calzada. O normal é queixarnos dos servizos municipais que non cumpren coa súa misión de ter limpos a diario os sumidoiros. A sociedade leva tan adormecida co estado do benestar que semellamos aqueles fillos de aristócratas que non sabían nin bater un ovo. Para iso estaba o servizo! O estado do benestar raptou a nosa iniciativa. Seguimos agardando, entre copas, a ver que día remata dunha vez esta maldita crise.

O Peto do Santo Antón

Meu querido Antón, este peto ten algo de despedida. Creo que van aló máis de dez anos e mil petos nesta páxina e penso que hai que ir parando. Moitas veces falamos aquí da necesidade do silencio, que é curador, sobre todo ante tantas parvadas coma se escoitan ultimamente en moitos medios e redes. Hai tempo que busco o silencio no medio de moitos ruídos. Creo que chegou o tempo, ademais que xa estarás un pouco canso de min, será por iso que falas pouco.

Ante todo quéroche dar as grazas por tanta paciencia e por soportar algunha irreverencia, e por todas as situacións e historias e persoas que foron pasando por esta fiestra, porque me foron nutrindo e fixeron medrar en min unha dimensión contemplativa, a de mirar fondamente e con tenrura a vida. Houbo cabreos, poucos, denuncias, despedidas, e novas esperanzadoras e creativas. Agora esta fiestra ábrese a outras miradas, miradas novas de xente máis moza e tamén dalgún mestre na vida e na espiritualidade. Serán outros colaboradores. Eu aparecerei de cando en vez para que non me esquezas de todo. Creo que gañaremos en frescura, así, dun peto a outro.

Non quero marchar sen traer unha nova ben bonita. O outro día, baixo folerpiñas de neve, lin en Guitiriz un cartaz que convocaba a un acto de homenaxe ao compañeiro e autor da sección "A Peneira", o cura Alfonso Blanco Torrado. No acto íanlle dar o nomeamento mais fermoso que escoitei ata agora. Nada de veciño de honra ou fillo predilecto, non señor. Nomeárono **O VECIÑO NECESARIO DA COMARCA.** Non me digas que non é cousa chula! Recoñecíase a valía do Alfonso cando hai 25 anos ergueu a todo un pobo contra o paso dos bidóns asasinos do Casón, que querían almacenar aló na Terra Chá. Mágoa que non puiden ir, pero foron moitos amigos e tamén loitadores con Alfonso en tantas batallas. Parabéns Alfonso e a coidarse moito que, xa ves, es tan necesario.



O CARRABOUXO por XOSÉ LOIS





Entrevista

Josecho Culler



Chámase Víctor Naveira. É crego da Diocese de Santiago e leva unhas cantas parroquias entre Curtis e Mesía. Neste último Concello, no lugar de Raíña, fixo realidade o seu soño de neno, o proxecto "obasileia". Ademais da idea central debullada nesta entrevista, todos os sábados, ás 10 da noite, Víctor reúnese cun número cada vez máis numeroso de xente de distintos lugares para facer oración-contemplación, aberto a quen desexe ir, seguida dunha cea compartida. Ademais, os primeiros xoves de cada mes, ás 9:30 da noite, hai oración e cea para curas que desexen participar.

Que é Obasileia e onde ten a súa orixe?

Busca a orixe dos soños e atoparás o significado de "obasileia", que máis ca unha palabra ou nome dun proxecto, é o nome dun Soño. *"O Reino de (...) está dentro de vós"* lemos no capítulo 17,21 do Evanxeo de Lucas. É expresión daquela realidade coa que Xesús de Nazaret soñou: que as persoas fosen quen de descubrir que, no máis íntimo deles, albergaban a posibilidade de despregar unha "forza" que, case sempre, buscaron fóra. Dito doutro xeito: cada vez que deixamos fluír a bondade que hai en nós, o reino de seu Pai estase a facer realidade. Isto é "obasileia", tratar de non impedir que saia a bondade que hai dentro de nós. E non hai dúbida que contamos coa súa inestimable axuda porque, tal como di o libro da Xénese, cando El creou o home e a muller: *"viu que era MOI BO"*.

A única esencia é crear un "real facebook", ter un lugar onde poder compartir o mellor de ti mesmo, cara a cara.

De aí nace o proxecto da túa vida, non si? Explícanos un pouco a idea

Máis ben a miña vida nace con este proxecto xa que, dende que era neno (que nunca deixei de ser) soñaba e, inocentemente, pedía que algún día puidese estar nun lugar no que as persoas se achegasen a Aquel do que, sen darnos conta nos iamos apartando. Inda que non tiven unha infancia demasiado ligada á práctica relixiosa, podo dicir que, dende que teño recordos, a fe, unha profunda e sinceira fe nun Deus que me coidaba, non deixou de acompañarme. Rezaba moitas horas cada día, con corazón sinxelo como o das miñas avoas Amelia e Carmen que me ensinaron a confiar en El, aínda sendo un auténtico "traste".

E aos meus 40 anos descubrín que os soños, cando saen dun corazón sinxelo, corren o risco de converterse en reais. Baixo do limoeiro que hai aínda na miña casa da aldea, Buchabade, recordo suplicarlle a El tres cousas, dúas que vos conto e outra que gardo aínda neste "corazón de neno": primeiro, que algún día puidese chegar a ser cura (aínda que pensaba que sería case que imposible) e… cheguei; segundo, poder ter unha casa para acoller a aqueles, Pepiño, Suso de Mercedes, José de Trina, Javi e Julito, Manolo da Boticaria ou Mighelito… que cada vez lles gustaba ir menos á misa pero que me ensinaron moito dese Deus do que tantas veces fala-

mos. Unha casa aberta para poder rezar, falar ou berrar con ese Deus do que, sen culpa del, xa non querían saber nada. E, por incrible que pareza, chegou tamén a casa.

Xa dous anos antes de me ordenar, cando ía cara ó remate dos estudos teolóxicos presenteille a D. Julián, arcebispo de Santiago, un plan pastoral. Se eu fose o bispo –díxenlle- faría algo para ir na procura daqueles que "nos marcharon". Por escrito redactei un proxecto, que con matices me acompaña aínda dende entón, para restaurar unha reitoral e dar acollida a todos os "buscadores" que se "perderon". Díxome, providencialmente, que agardase o tempo necesario, tres, cinco ou dez anos. O que quizais nin el nin eu sabiamos era que, dez anos despois, chegaría esa casa.

Pasou moito tempo e, un decembro, ceando con Jose e Mari, dous humildes gandeiros e, sen dúbida, as dúas persoas mellores e máis xenerosas coas que me crucei na vida, propuxéronme: e se o intentamos na Raíña?. Sen que eles o soubesen, á noite seguinte, fun falar con Leonardo, dono dunha pobre casa semiderruída que posúe un prado, unha fonte e tres loureiros centenarios, Raíña, que servía como corte para un rebaño de ovellas. E todo veu collido da man, os cartos para mercala, os materiais, a man de obra, o encontro de persoas... porque a Providencia é así.

De tódolos xeitos aclaro que a idea esencial non é construir unha casa, un templo, nin outra "historia" máis. A única esencia é crear un "real facebook", ter un lugar onde poder compartir o mellor de ti mesmo, cara a cara, con persoas que descoñeces, achegar a túa riqueza, un lugar onde te sintas valorado e onde te axudes a valorarte, unha Comunidade dos que xa non se senten parte de ningunha comunidade (especialmente crente). É a Idea.



Para que perfil de xente está feito este espazo?

Xesús, Bo Pastor, anhelaba ir por aquela ovelliña que, do medio das cen, abandonou o rabaño. Deixounas a todas e foi buscala. Merecería a pena por unha soamente?. Cál cres que é a porcentaxe das que quedan hoxe dentro e cántas as que saltaron por riba do balado? Non quedarás cort@?.

Se non che gusta, se non é o teu, se non encaixas... que perdes?. Non hai regras, non hai subscricións, nin tarifas...

"Descarreirad@" non é sinónimo de mala, que non ten remedio, de incrédula… senón que representa o colectivo daquelas que optaron aventurarse por outros camiños.

Cantos pais aínda mozos e rapaces, fillos e netos vosos, necesitan un lugar para volver falar de cousas positivas, da bondade, temas que che axuden a crecer por dentro… das cousas de Deus. Dá a impresión de que se apartaron del, pero sei que moitos seguen crendo de corazón no Bo Pai do Ceo. Esta casa, na que vivirei, pretende ser un sitio de acollida e reunión de todos os que queiran achegarse a ela. Non podemos ofrecer luxo, confort, *happiness*… pero si queremos compartir unha Palabra que dá Vida en abundancia. Se non che gusta, se non é o teu, se non encaixas... que perdes?. Non hai regras, non hai subscricións, nin tarifas, nin idade, nin crenzas, nin ataduras... mais que cadaquén trate de ofrecer o mellor que hai no profundo do seu ser. *Camiñar en Comunidade, poñendo en común a bondade de cada un, cara á Liberdade.*

Como dicía León Felipe *"ninguén vai hoxe, nin irá maña polo mesmo camiño que eu vou cara a Deus"*. Non creo

Entrevista



que existan camiños para chegar a ese Un, porque UN é o camiño.

Para levar adiante este proxecto houbo xente que se implicou, especialmente a xente das túas parroquias; como foi esa acollida?

Dende o comezo acompáñanme os que non contan, os invisibles, os "apartados", os de mala sona… Tamén están os que me foron encomendados na tarefa pastoral, as ovellas do meu rabaño, a xuventude da catequese, a xente que agarda algo distinto, e en terceiro lugar, un grupo dos que son importantes para o mundo, grandes empresarios, persoas de sona, personalidades relixiosas e políticas, un famoso arquitecto, un director de prisións…

Persoas de bo corazón, aínda que nunca lles pagarei todo canto me achegan. Eles son os Herdeiros, non só dunha casa, senón dun Proxecto.

Como é o espazo físico de Raíña?

Raíña é unha leira de hectárea e media. Un conxunto de casa ruinosa, corte de ovellas e alpendre, eira e leira forman o que se coñece con este nome, dentro da parroquia de S. Martiño de Cabrui no Concello de Mesía.

Aínda que aparenta pobre a quen a visite, ten aspectos que lle confiren unha riqueza incalculable. Oito carballos e un acivro xa vellos dan a benvida, un manancial de auga que nace no medio da finca para calmar a sede a quen veña e tres loureiros centenarios que forman unha única copa, símbolo trinitario e referente da casa, son parte desa riqueza.

A casa, inhabitada fai anos, require dunha profunda rehabilitación para que chegue a ter dúas habitacións con baño, un espazo común, cociña e comedor. Manteremos a estrutura orixinal integramente e a humildade que a caracteriza. A corte das ovellas transformarase en dúas habitacións grandes para seis persoas cada unha con baño. O alpendre que, noutrora servía para gardar os años, é a Casa de Oración na que conservamos a manxadoira, e as paredes tal e como estaban cando chegamos aquí. Este é o espazo central, humilde, cálido e precioso no que se desenvolve a vida do proxecto.

A longo prazo, cal che gustaría que fose o rumbo da Casa de Acollida de Raíña?

De corazón che digo que non me preocupa o futuro da casa nin do proxecto. Tratamos de vivir o momento presente como un don, xa que todo o que aquí vivimos é un regalo constante. Cando precisamos de algo, aparece. Cando precisamos madeira, alguén a trae; para o tellado da Casa de Oración apareceu a tella, as vigas, a area, a moqueta, o cristal, os bancos... todo foi aparecendo no momento preciso.

A casa dedicámola á Trindade e confiamos que "*se o Señor non constrúe a casa, en vano se cansan os obreiros*".

Aínda que me gustaría vela rematada, chea de xente con gañas de atoparse a si mesmos ou a "Deus", non desexo nada, porque Confío.

Non habería límites de idade aínda que pensamos en persoas, matrimonios, a partir dos 30 anos. Estas poderían acudir en fin de semana, de outubro a maio. Tamén está pensado para que no verán poidan vir, por quendas semanais, nenos da catequese doutras parroquias cos seus catequistas e facer campamentos de verán. E segundo, poder ofrecer a moitos párrocos, especialmente a aqueles que xa non teñen forza nin ganas, a oportunidade de vir cos nen@s da catequese e os catequistas.

Un "*turismo espiritual gratuíto*" para poder ofrecer gratis o que gratis se nos deu a nós. A idea é que cadaquén ofreza o mellor de si mesmo, que comparta cos outros as súas "riquezas" e axudar co posto en común a quen non ten a mesma sorte que nós. Todo o recadado iría a parar a fin de ano a algún proxecto solidario.

De corazón che digo que non me preocupa o futuro da casa nin do proxecto. Tratamos de vivir o momento presente como un don.

Manuel Dios Diz

EDUCACIÓN, CIDADANÍA, DEREITOS HUMANOS..., COMO NON?



Hoxe vivimos momentos especialmente preocupantes, non só porque a crise económica está afectando, cada vez con máis intensidade, á maioría da poboación, senón porque as violencias, así, en plural, pero sobre todo, as de carácter estrutural, aquelas que están directamente relacionadas coa inxustiza (*as inxustizas de hoxe son as guerras de mañá*), están caendo con especial virulencia sobre os sectores máis febles e desfavorecidos da sociedade, pero tamén, cada vez máis, sobre as clases medias.

Son moitos os nenos e as nenas, os adolescentes, que viven con especial angustia a realidade diaria das súas familias, a perda do emprego dos seus pais e nais, o desafiuzamento das súas vivendas, os recortes na educación e na sanidade, mesmo na cesta da compra de cada día, ou os aforros de tantos anos polas participacións chamadas "preferentes" e que en Galicia afectan a nada menos que a 70.000 familias. Estas circunstancias están presentes nas nosas escolas e institutos, para quen queira velas...

Por todo isto, o 30 de xaneiro, o Día Escolar pola Paz, non pode pasar de esguello por esta realidade. Hoxe, máis ca nunca, temos que apelar ós valores cívicos e democráticos, á cooperación, á solidariedade, ó apoio, á axuda mutua, para coas principais vítimas dunha situación que non provocaron e reclamar, con tanta xente, xustiza, distributiva e penal, para coas persoas que nos levaron a esta situación e que, lamentablemente, diante dos nosos ollos, viven con total e absoluta impunidade.

Mentres a maioría da poboación sofre e ve ameazadas as súas condicións de vida e de traballo, a propia dignidade humana, base da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, os casos de corrupción política ou económica van en aumento e observamos -con indignación- como a mentira, o cinismo, o engano masivo, os contravalores sociais que tratamos de desaprender nas aulas, avanzan e se estenden.

Neste contexto, de crecentes dificultades económicas para tantas persoas, a mesma democracia, como tal, vese tamén moi resentida, como os dereitos constitucionais, os valores de cidadanía e os propios dereitos humanos.

Por iso sorprende -aínda moito máis- que a nova Lei de educacion, a LOMCE, promovida polo ministro Wert, sen diálogo ningún coa comunidade educativa, non só pretenda retroceder moitos anos no modelo educativo, coas reválidas e a relixión avaliable, senón que mesmo teña prevista a derrogación da materia de Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos, unha materia que resulta, hoxe por hoxe, moito máis necesaria, e porque tiña asumidos plenamente os obxectivos, contidos e metodoloxías da Educación para a Paz.

as inxustizas de hoxe son as guerras de mañá

Por todo o anterior, o lema escollido polo Seminario Galego de Educación para a Paz para a celebración deste día, sobre o que suxerimos reflexionar e actuar nos centros escolares, non podía ser outro: *Educación, Cidadanía, Dereitos Humanos... como non?*

Crónica 25 aniversario do "paso do Casón" por Guitiriz

A comisión organizadora



Alfonso Blanco Torrado, que colabora con *Irimia* dese o principio, recibindo o premio de "veciño necesario"

Todas somos necesarias, todos somos necesarios

O sábado 12 de xaneiro, Guitiriz, a Terra Chá, o país enteiro, vivimos unha experiencia decisiva, sentimos máis alento, descubrimos que esta sociedade en cambio, urxe a que nos mobilicemos comezando polo que acontece ao noso carón, para sobrevivir coma pobo e comarca.

25 ANOS DESPOIS

Estabamos a dar o primeiro paso: valorar que todas e todos eramos quen, coas nosas diferenzas. O leito que xerou esta sensación foi a celebración dos 25 anos da loita das parroquias de Guitiriz contra a decisión do goberno de Madrid, de soterrar os bidóns do Casón, embarrancado en Fisterra, no campamento militar de Parga.

Ante a sospeita de querer converter aquel enclave nunha especie de cemiterio de produtos tóxicos ou nucleares, o pobo, todos a unha, repúxose e cos seus corpos e barricadas cortaron a Nacional VI, e conseguiron afastalos da comarca. Naquela cadea de despropósitos das administracións aínda se incrementou a desfeita, trasladándoos, co permiso da empresa, ao complexo de Alúmina Aluminio.

HOMENAXE AO "VECIÑO NECESARIO"

Actualizar arestora aquela xesta removeu a conciencia da poboación, que concretou esta fervenza de ánimo na entrega a Alfonso Blanco Torrado do nomeamento de "Veciño necesario da nosa comarca". Este recoñecemento foi un eco do premio que lle concederan en xullo, a Asociación de Pazos de Galicia: "Colaborador Necesario da Nosa Cultura". Os que o acompañamos naquela data a Compostela, volvemos convencidos

Alfonso aseverou que as asociacións son máis necesarias ca nunca, que habería que reinventalas

Naquela hora foi providencial para a xestión deste conflito, o crego da zona, Alfonso Blanco, nomeado coordinador e voceiro polo alcalde, veciños, e o xefe do campamento militar. Creouse unha comisión para dialogar coas administracións e encarreirar a rebelión das e dos veciños, con propostas de violencia, ante a provocación das forzas de orde e antidisturbios, que nalgún momento superaban de que o que el prefería, era trepar a lama de cada día, e non as moquetas doutros escenarios. Emporiso, foi tan doado agora compartir esta teima.

Cómpre que todos acheguemos os nosos recursos e creatividade para avivar o lume da irmandade en cada aldea e recanto. Alfonso nesta hora aseverou que as asociacións son máis necesarias ca nunca, que había que reinventalas para que chegasen a to-

dos os campos e, nesta tarefa, non hai exclusións, todos somos válidos. Lembrou como foi a organización da xente, grazas ao xermolo da asociación, a que concentrou o común, ante a inacción doutros entes, coma os partidos políticos.

O sábado creouse tal emoción que todos se sentiron protagonistas do destino destas comunidades rurais, cada vez máis despoboadas. Os Xermolos abrollaban con novo pulo formando unha rede capaz de destruír a lóxica do poder e a prepotencia, coma na loita contra o cargamento do Casón: non pode narcotizarnos o pensamento único e, neste evento, a comarca perdeu o medo e apostou por afondar nas nosas raíces, para abrir o abano de posibilidades para todos, sen exclusións. Por iso, Xermolos hai 36 anos, sen medios económicos, supliu a desidia das administracións en varios eidos da actividade sociocultural, promovendo iniciativas nas que se implicaron e implican persoas de toda procedencia.

todos nos sentimos protagonistas do destino destas comunidades rurais, cada vez máis despoboadas



O acto contou, como non, co apoio e presenza de Mini e Mero

O noso taboleiro

Convocatoria Festa do Lume 2013



9:30-10:00 h. Acollida.

10:00 h. A Festa comezará coa celebración da asemblea anual ordinaria, citada en primeira convocatoria para as 9:30 h. e en segunda para as 10:00 h., e terá a seguinte orde do día:

1.- Lectura e aprobación, se procede, da acta da asemblea anterior.

2.- Estado das contas e proposta para 2013.

3.- Renovación da Xunta Directiva

4.- Informe das distintas actividades (Romaxe, Revista, Sábados Bíblicos,...)

5.- Rogos e preguntas.

11:30 h. Descanso

12:00 h. Tema: crise, alternativas e formas de compromiso. Para esta reflexión contamos con Josep Manel Busqueta, membro do Seminari de Economia Crítica Taifa quen foi convidado durante uns meses a participar no asesoramento, asuntos económicos, ao goberno de Venezuela. Panadeiro de oficio principal e licenciado en economía como instrumento de loita, para facer visible o que se nos agacha, e tentar transformar a realidade.

14:00 h. Xantar compartido

16:00 h. Presentacion por parte das autoras do Libro "As mulleres falamos de teoloxía. Espazo de teoloxía feminista

O noso taboleiro

Estado económico da revista Irimia e propostas para o 2013



Na xuntanza da directiva da Asociación Irimia celebrada o pasado 24 de novembro, o tesoureiro, Pepe Barca, informou da situación económica e as vías actuais de financiamento da revista Irimia.

Transcribimos aquí esa información (actualizada a 31/12/2012) para coñecemento de todos/as:

Ingresos totais da revista no exercicio 2012 por subscricións e publicidade .....17.458 €

Gastos (maquetación, edición, distribución e cobranza de subscricións).....20.459 €

Como se ve, hai unha diferenza de 3.001 euros en contra da revista que este ano foi afrontada coa subvención do 2010 da Deputación da Coruña (2.864 €) e o resto, 137 €, foi asumido pola Asociación.

Posto que de agora en diante non se vai poder contar con subvencións (este ano xa non se recibiu ningunha), a revista vai ter que financiarse exclusivamente co recadado por subscricións e publicidade.

Nesta liña de autofinanciamento e para que Irimia poda seguir chegando cada quincena as vosas casas, propoñerase, na Asemblea do día da Festa do lume, subir as subscricións da seguinte forma:

- Subscrición ordinaria, que está en 24 €, pasaría a 28
- Subscrición de apoio, que está en 36 €, pasaría a 40

Deste xeito, manténdose a publicidade de Sargadelos, recadaríanse 19.676 €. O resto (783 €) sería asumido pola Asociación.


- Queremos completar esta información engadindo tres apuntes:

Primeiro: hai anos púxose en marcha unha campaña de recadación de fondos como axuda económica chamada do 60 x 100. O obxectivo era conseguir 100 persoas que fixesen unha achega anual de 60 € cada unha. Neste intre fano 24. Queda aínda marxe dabondo para aqueles que queiran sumarse. Desde aquí invitamos a que o fagades.

Segundo: facer saber a todos que ultimamente a política que se está a seguir desde a tesourería de Irimia é que ningún subscritor deixe de recibir a revista por motivos económicos. Tan só ten que comunicalo e, mentres a nosa economía resista, así seguiremos a facelo.

Terceiro: aclarar a todos que o feito de estar subscrito a revista non leva consigo pertencer á Asociación. Para isto hai que darse de alta tamén como socio e pagar unha cota anual de 3 €. Animádevos ós que aínda no o sexades.

A xunta directiva



EDITA: Asociación A. IRIMIA **FEITO EN PAPEL RECICLADO**

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Bernardo García Cendán, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓNS EN: revistairimia@asociacion-irimia.org

SUBSCRICIÓNS: Apdo. 296 - 15705 Santiago de Compostela. Telf.: 655 028 253 / subscricions@asociacion-irimia.org
Ordinaria: 24 Euros. de Apoio: 36 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: asociacion-irimia@asociacion-irimia .org

CONTA: NOVACAIXAGALICIA, CC/2080-0349-85-3040005822- Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **TIRADA:** 1.000 exemplares **DESEÑO E MAQUETACIÓN:** Ninfa, Riveiro, Martínez

ISSN: 2172-9182 **IMPRIME:** Artes Gráficas LITONOR S.A.L. **DISTRIBÚE:** IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: http://asociacion-irimia .org/revista.xhtml

Boa Nova



O ECO

Ai, pero que se che perderá nas sinagogas? Seguro que aínda teimas polos templos adiante, dende os inmensos séculos que non dan pasado, por aquilo de termar dalgunha viúva ou estranxeiro despistado que se perde por alí.

Non sei se mirei mal, pero creo que te vin este mércores no CHUAC, levabas unha bata indigna, mal abotoada cunhas cordas polas costas, non cabías na padiola que che facía de cama (que mal anda o SERGAS) e non parabas de destaparte. Vin que te tiñan amarrado polos pés para non caíres, que levabas uns infamantes cueiros para aforrar traballo e rebentar a túa dignidade. E chamabas por min cun aceno da man e mirándome aos ollos, porque o certo é que ninguén che facía caso. Avisei as enfermeiras que me responderon "si está atendido, ten un familiar" pero o familiar nin para ti miraba. E tamén te vin pasar en cadeira de rodas, coa ollada medio perdida, de dor inmensa. Logo tamén creo que andabas pola sala de espera coa angustia pintada onde outros levan o sorriso, erguícheste como resorte automático cando chamou o altofalante "familiares de… acudan a observación de camas". E onte, vinte pasar cunha bata branca aberta e cara de durmir pouco de quen "dobra a quenda" para que outros teñan vida. Eu, xa sabes, ando tamén por aí estes días e non sabes canta seguridade me da de ver o meu Cristo polos corredores, levando con nós o peso da dor, do medo e do espanto, tamén da esperanza de quen volve de lonxe.

E ten conta por favor, nas sinagogas seguen a buscarte par tirarte, se te atopan farante herexe en 5 minutos e serás famoso en todos os *blogues* do planeta. Alí nos vemos! Mentres tanto cóidate! Quérote!

Christina

A CLAVE

Dende o primeiro momento Xesús provoca rexeitamento. A súa mensaxe de Boa Nova aos pobres, a todos os pobres, non só aos do pobo de Israel, non é ben acollida. El sabe, como sabía Xeremías, que a súa mensaxe vai ser pedra de discordia, que anunciar a Boa Nova máis aló das seguras fronteiras do xudaísmo vaille traer incomprensión no seo da comunidade xudía, pero non pode evitar traballar na fronteira, porque dende o seo da súa nai foi consagrado e constituído como profeta.

Lembro ás monxas da LWCR, nos Estados Unidos, que se arriscan a anunciar o evanxeo máis aló dos seguros lindes da Igrexa, sendo palabra profética e punto de referencia entre as mulleres que pensan en abortar, as persoas homosexuais ou ante quen pensa na eutanasia como liberación. Penso en todas as persoas que hoxe, na Igrexa, traballan na fronteira, apostando por chegar a onde non chegan as normas eclesiásticas e si chega o Evanxeo… E penso en Elías e Eliseo, na viúva de Sarepta e en Naaman o Sirio, que precisaban dos profetas aínda que non foran "ovellas de Israel".

A Xesús acabarán crucificándoo, xa o sabemos, pero como cantan as monxas norteamericanas *Love will never silenced*, o amor non pode ser silenciado.

Marisa de Corme

A PALABRA

DOMINGO 3 DE FEBREIRO. IV DO TEMPO ORDINARIO

Lc 4, 21-30

Naquel tempo, empezoulles a dicir Xesús na sinagoga: "Hoxe cúmprese diante de vós esta pasaxe da Escritura". E todos se lle puxeron á contra, estrañados polas palabras de graza que saían da boca del. E dicían: "Mais non é este o fillo de Xosé?". El díxolles: "Seguramente me recordaredes aquel refrán: Médico, cúrate a ti mesmo; todo canto ouvimos que fixeches en Cafarnaúm, faino aquí na túa terra". Mais el continuou: "Asegúrovos que ningún profeta é ben recibido na súa terra. Tede por seguro que no tempo de Elías había moitas viúvas en Israel, cando o ceo estivo pechado durante tres anos e seis meses e unha gran fame anegou todo o país; e a ningunha delas mandaron a Elías, senón a unha muller viúva de Sarepta, en Sidón. E moitos gafos había en Israel no tempo de Eliseo, o profeta, e a ningún deles curou, fóra de Naamán, o sirio". Ouvindo estas cousas, todos os que estaban na sinagoga puxéronse feitos unhas feras; así que, erguéronse, botárono fóra da vila, levárono ata o alto do monte no que está edificada, coa intención de o precipitaren embaixo. Mais el botou a andar polo medio deles e marchou.

Falando da lingua @@@@@@@@@@

Lidia e Valentina



Non andamos despistadas, ben sabemos que no ano vello comezamos a repasar a gramática, que está ben darlle unha voltiña de cando en vez, e a ela habemos volver. O caso é que caeu nas nosas mans un libriño ben xeitoso e que ó mellor algún de vós xa coñecedes. Estamos a falar de *O fío da lingua*, de Henrique Harguindey Banet, ese "lucense de nacemento, cangués de adopción e nexo de unión entre a literatura francesa e o galego", como o definiron nalgunha ocasión. Ó mellor coñecédelo polas súas traducións ó galego: *Exercios de estilo* (Raymond Queneau), *O poema do país que ten fame* (Paol Keineg), *O reiciño de Galicia* (Víctor Hugo)... O caso é que este libriño ben merece a pena.

E a pasar follas, lendo aquí e acolá e atopando información ben interesante, un dos capítulos, o derradeiro (si, o último do libro, por iso é o **derradeiro**, porque despois dese xa non hai máis), fai referencia á arroba. E sabedes que ese símbolo é moi moi antigo? Claro, na súa orixe non tiña a mesma función ca hoxe, porque estamos a falar do século I antes de Cristo, cando seica que un escravo liberto de Cicerón desenvolveu un sistema de taquigrafía, para escribir máis rápido; entón, para escribir *ad* (a, cara a, en) xuntou as dúas letras nunha e deu ese resultado. A partir do século V espallouse o seu uso. O mesmo fixo con *et*, que uniu en &.

Pois ben, a @ foi utilizada despois polos comerciantes florentinos da idade media como símbolo dunha unidade de peso. E na Península Ibérica representou unha unidade de capacidade ou peso, que equivalía á cuarta parte dun quintal. A palabra "arroba" é de orixe árabe e significaba "unha cuarta parte".

Xa no século XIX nos Estados Unidos xeneralizouse o uso comercial deste símbolo para expresar o prezo dun artigo, e así entrou nos teclados, pero foise deixando de usar. Iso valeulle a Ray Tomlinson, o creador do correo electrónico, para escoller a @ para indicar no enderezo electrónico a localización do servidor de Internet, xa que presentaba unha grafía inconfundible e xa non se asociaba a ningunha función. Agora converteuse no símbolo da informática por antonomasia.

Na lingua escrita ben sabemos que hai quen bota man dela para representar o masculino e o feminino ó mesmo tempo, por aquilo de que é un "a" rodeado dun "o", pero aí non imos entrar agora...

Ben deitamos de ti hoxe aprezado Henrique, e de ti tamén, aprezado Julio Gamallo, por nos teres prestado este tesouriño!

O Fachineiro dos medios

E dos terzos, cuartos e quintos

Hai uns meses, pouco antes da convocatoria dos memorables comicios, expúxose nesta revista, como se concedían axudas a medios de comunicación que non era outra cousa que información comprada e/ou dirixida con diñeiro público. Non procure o lector a noticia en ningunha hemeroteca de ningún xornal non sendo na de Irimia, claro. Hai un par de semanas soubemos da concesión de 110.000 euros a *La Voz* e 90.000 a *El correo gallego* para que expliquen aos santiagueses e santiaguesas as potencialidades da cidade na que viven. Agora que Baltar ten cóxegas, *La Región* prefire titular, poño por caso, sobre o sábado de entroido en Verín. *El país* pechou a edición galega en papel porque o ludópata bolsista que dirixe o grupo prevé para este ano 2 millóns de perdas. El cobra 12. Hai uns anos xa houbo quen anunciou a morte dos medios tradicionais. Aínda non se viu tal, pero están en camiño. A xente informada agora prefire outras canles; e onda non, sempre está aí *Sálvame*. Para corroborar como os medios xa non son medios, -nin sequera cuartos, nin terzos, nin quintos- o fachineiro propón como exercicio para esta quincena a visita ao blog *exvoz,* de despedidos e cabreados do rotativo elcoruñés.



A.Q.